

## RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

<b>EXPEDIENTE</b>	2024039134
<b>ASUNTO</b>	Subministración dunha solución EDR (Endpoint detection response) para a Deputación de Pontevedra.
<b>TRÁMITE</b>	Declaración de deserto

Por Resolución Presidencial número 2024006474 de data 05/08/2024 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da Subministración dunha solución EDR (Endpoint detection response) para a Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 6/08/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación en data 22 de agosto de 2024 procedeu a apertura electrónica dos sobres únicos correspondentes a documentación administrativa verificando que non se presentou ningunha oferta ao procedemento convocado, polo que se acordou propor ao órgano de contratación declarar o procedemento deserto.

Polo exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; da base de execución do orzamento 16ª.1a), e da Resolución da Presidencia número 2024005761 de 10/07/2024, de delegación de atribucións da Presidencia nos centros e áreas de servizos, **RESOLVO:**

1.-**Declarar deserto** o procedemento aberto simplificado, convocado para a contratación, do Subministración dunha solución EDR (Endpoint detection response) para a Deputación de Pontevedra, dado que non presentou ningunha oferta ao procedemento.

2.-**Publicar** o presente acordo no perfil do contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de contratación do sector público).

Asinado dixitalmente ao marxe.

